

Circular Dirección Deportiva de 5 de setembro de 2023

CONVOCATORIA SOLICITUDE PARA INCORPORACIÓN A GRUPOS DE ADESTRAMENTO NO CGTD PARA A TEMPADA 2023/2024

A Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno **INFORMA** a deportistas con interese en formar parte do GRUPO DE AUTORIZADOS/AS do CGTD no ciclo 2023-2024 dos criterios necesarios para a súa admisión.

Criterios de admisión para integrantes do grupo de autorizados/as no CGTD tempada 2023-2024

1) Deportistas con licenza autonómica galega e pertencentes a un club galego:

A cumprir algún dos seguintes criterios:

- a. Ter sido convocado e participado coa selección galega no 2023
- b. Deportistas convocados a probas internacionais oficialmente pola Federación Española no 2023
- c. Ter feito Top 10 en algún dos Ctos. de España de Tríatlon Elite en Distancia Olímpica ou Sprint no 2023
- d. Ter feito Top 10 en categoría sub23 en algún dos Ctos de España de Tríatlon en Distancia Olímpica ou Sprint no 2023
- e. Ter feito Top10 en categoría junior no Cto de España de Tríatlon no 2023
- f. Ser de interese para o grupo de adestramento.

2) Deportistas españoles/as con licenza por outra autonomía.

A cumprir algún dos seguintes criterios:

- a. Solicitud oficial da Federación Española por medio do convenio asinado
- b. Compromiso por escrito de ter licenza galega e pertencer a un equipo galego o 1 de xaneiro de 2024.
- c. Ser de interese para o grupo de adestramento.

3) Deportistas estranxeiros /as.

Deberán cumprir necesariamente os seguintes criterios

- a. Estar en posesión dos permisos pertinentes para residir en territorio español.
- b. Solicitud oficial da súa Federación Nacional
- c. Ser de interese para o grupo de adestramento

- 4) Convenios federativos con outras federacións autonómicas, nacionais ou internacionais que participen en concentracións, intercambios ou calquera actividade propia do adestramento deportivo.
- 5) A confección do grupo e o número de prazas será establecido pola Dirección Deportiva, por criterio técnico para a consolidación do mesmo.
- 6) A Xunta Directiva a petición do corpo técnico valorará calquera outra situación de carácter especial que non estea recollida nos puntos anteriores.
- 7) Todas as solicitudes serán estudadas e terán que ser aprobadas pola dirección deportiva da FEGATRI, podendo NON admitir a un deportista que cumpra os criterios deportivos.

Requisitos a cumprir por deportistas Grupo Adestramento Rendemento FEGATRI:

- Adestramentos, programación e planificación dirixidas ás competicións consensuadas entre clubs e equipo técnico federativo.
- Validación de calendario competitivo tanto principal, coma de competicións accesorias por parte de club e equipo técnico.
- Horarios de adestramento de grupo. Durante o bloque xeral adestrarase de luns a venres. Ao fins de semana coordinarase col club la posibilidade de realizar os adestramentos suxeridos. Ao longo da semana. Intentarase compatibilizar adestramentos coa sección de tecnificación . A programación de adestramento semanal variará a medida que se aproximen os períodos de competición.
- Revisión fisioterapia inicial, así coma tratamento periódico cando sexa necesario. En caso de lesión, o equipo técnico terá a capacidade de decisión sobre as adaptacións do plan de adestramento/competición.
- Reunión mensual do grupo obrigatoria: finalidade de control/seguimento de programación de adestramentos, obxectivos, *feedback*...
- Obrigatoriedade de rexistro diario de adestramentos en plataforma (preferencia Garmin connect por uniformidade de grupo).
- Obrigatoriedade de aviso por escrito da non estancia na sede de adestramentos CGTD. Consentimento necesario do equipo técnico para a exención.
- O período de adestramentos en grupo durará dende outubro ata finalizar xuño. Realizarase un período de vacacións en Nadal. O equipo técnico comunicará con anterioridade a deportistas as posibilidades de pontes/festivos na casa. Os días festivos non se adestrará no CGTD.
- Intentarase realizar unha concentración en Semana Santa e/ou en Agosto (en caso de necesidade de planificación).